

As Montañas Sí importan !!



Os días **29 e 30 de maio** ADEGA e [RedMontañas](http://www.redmontanas.org) convocan a 5ª edición de “**MONTAÑAS EN REDE**”

, unha iniciativa reivindicativa dirixida a todas as persoas preocupadas polo futuro das montañas. O 2009 houbo

179 ascensións

en toda a península, 20 delas na Galiza para reivindicar a protección das montañas. O lema deste ano é

AS MONTAÑAS SI IMPORTAN !!

Participar é moi doado:

1. Descarrega a túa [FAIXA MONTAÑAS 2010 \(1 Mb\)](#) ; 2. Sobe á montaña/cumio/outeiro que prefiras e con quen prefiras (tamén podes ir ti só/a, pero ten moito coidado!!);

3. Facede unha foto no curuto coa vosa faixa;

4. Cando volvas a casa, sobe a túa foto á

[Galería Montañas en Rede 2010](#)

. Este ano hai tamén un

CONCURSO FOTOGRÁFICO

. [BASES \(61 Kb\)](#) e participa!

Por que as montañas precisan atención? Olla para todo o que fica comprometido se os nosos políticos non xestionan as montañas:

Persoas:

As persoas que habitan os vales son moitas veces as únicas depositarias de prácticas e técnicas úteis para o futuro sustentábel destas áreas.

Noutros casos, son a chave para novas solucións e xeitos de vida capaces de preservar e valorar o patrimonio, asegurando a presenza humana en equilibrio cos valores naturais.

Culturas: O amplo patrimonio cultural aínda presente en áreas de montaña reflicte a variedade de estratexias mediante as cais os pobos antigos foron quen de sobrevivir de conformidade con un ambiente difícil, manexando o ambiente sen degradalo e controlando un gran número de factores de risco. Portanto, estes modelos ofrécennos hoxe guías para a sustentabilidade.

Auga: A maioría dos recursos hídricos da Península dependen directa ou indirectamente das zonas de montaña. Por este motivo, tanto o estado de conservación das montañas como o que ocorre nelas é importante para a cantidade e calidade da auga en toda a bacía hidrográfica afectada.

Os bosques: bosques de montaña favorecen a recarga dos acuíferos, controlan as escorrentías, proporcionan o hábitat para moitas especies e contribúen á seguridade humana nos vales e ao benestar da sociedade através de recursos renovábeis e dunha serie de beneficios adicionais entre os que está o de actuar com o sumidoiro de CO₂.

Biodiversidade:

As zonas de montaña reúnen unha grande variedade de especies e de ecosistemas únicos destes ambientes, incluíndo numerosas especies endémicas.

Cada unha destas especies ten unha función determinada no equilibrio natural.

Ademais, moitas desas especies son altamente sensíbeis aos cambios climáticos e outras alteracións humanas o que lles dá un carácter de bioindicadoras.

Paisaxes:

As montañas son aínda unha grande reserva de paisaxes naturais de enorme calidade e valor, cenarios para o para lecer e o descanso, e espazos para o reequilibrio espiritual que proporcionan paz e soidade, propician a contemplación e permiten a vivencia e a evocación do inalterado.

Por este motivo, as organizacións participantes nesta iniciativa demandamos das administracións a protección efectiva das nosas montañas, máis aló de declaracións institucionais e actos propagandísticos. En Galiza, moitas áreas de montaña carecen de protección efectiva e están sometidas á depredación das eléctricas, canteiras... Mesmo as áreas formalmente protexidas (Rede Natura, Parques Naturais, etc.) seguen sen contar cos instrumentos de xestión obrigatorios por lei que deberían permitir harmonizar a conservación dos seus valores naturais co desenvolvemento sustentábel e os beneficios para os seus habitantes.